

## Conferencia do presidente do Parlamento de Galicia en Nueva Economía Fórum – Tribuna Galicia

**“O Parlamento de Galicia, unha historia de éxito catro décadas despois das primeiras eleccións democráticas (1977)”**

**Santiago de Compostela, 15-01-2018 // 09,00 h.**

Buenos días / Bos días.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Delegado do Goberno,
- Alcalde de Santiago
- Vicepresidente, conselleiras e conselleiros da Xunta de Galicia,
- Ex presidenta e ex presidente do Parlamento de Galicia,
- Membros da Mesa e portavoces do Parlamento,
- Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Arcebispo de Santiago,
- Valedora do Pobo,
- Conselleiro Maior,
- Presidente do Consello da Cultura Galega,
- Presidente do Consello Consultivo,
- Presidenta do Consello Económico e Social,
- Deputados e deputadas,
- Senadores e senadoras,
- Subdelegados,
- Reitor,
- Autoridades,
- Señoritas e señores:

Quero e debo comezar a miña intervención expresando un dobre agradecemento: aos nosos anfitrións, *Nueva Economía Fórum – Tribuna Galicia*, por convidarme a compartir algunhas reflexións; e a todas e todos vostedes, aquí presentes, aos que agradezo especialmente que

me honren coa súa compañía sacrificando —estou seguro— tarefas e quefaceres importantes.

Compartirei con vostedes algunhas reflexións sobre as catro décadas transcorridas desde as eleccións xerais do 15 de xuño de 1977, os primeiros comicios democráticos celebrados en España despois de corenta anos de ditadura.

Esquecemos, con excesiva frecuencia, o exercicio do diálogo, da xenerosidade e da concordia e as múltiples cesións que uns e outros — fose en Galicia, fose en Madrid ou en calquera outro punto da xeografía española— fixeron, desde os máis alonxados posicionamentos ideolóxicos, para implantar e asentir unha democracia perfectamente equiparable coa dos países máis avanzados.

Unha democracia avanzada e un Estado de dereito, como España ou como calquera outro país do noso contorno, non pode nin debe frouxear no acatamento ás normas establecidas. Iso leva ao abismo e provoca unha quebra social tan perniciosa como innecesaria.

Como presidente do Parlamento de Galicia, sei ben o que é a aritmética parlamentaria, pero esta non pode substituír a democracia nin o Estado de dereito. A suma de escanos, lexítima para conformar maiorías parlamentarias, non pode nin debe confundirse con maiorías sociais ficticias na procura de obxectivos ilícitos.

Falaba do espírito da transición, na que todos compartían un obxectivo común: a democracia. E coa democracia decontado botou a andar a mellor experiencia de liberdade, estabilidade, prosperidade e progreso da historia de España.

Foi así:

- Pola grandeza de todas as persoas que padeceron en carne propia a devastación da Guerra Civil ou a represión do franquismo. Uns e outros foron quen de pasar páxina na procura dun futuro de liberdade para todos os españois.

- Co sacrificio de todos os españois, que soportaron as enormes estreiteces económicas do momento.
- Co azoute dun terrorismo covarde, que engadía sufrimento ao país.
- España protagonizou unha transición modélica, coa colaboración da práctica totalidade das forzas políticas e organizacións sociais, como se viu nos Pactos da Moncloa, que de vez en cando habería que recordar e tomar exemplo deles.
- E tamén baixo o liderado da súa maxestade o rei Don Juan Carlos I, que acaba de celebrar o seu oitenta aniversario e ao que penso que é de xustiza recoñecer o seu papel. Hoxe exerce esas funcións constitucionais con afouteza e acerto o rei Felipe VI, asegurando a continuidade da institución.

Xusto é recoñecelo porque, sen estes exemplos, e outros que por razóns de tempo debo omitir, a transición democrática non tería conducido ao escenario de éxito do que falamos.

Tamén o Parlamento de Galicia ten unha débeda con todos os homes e mulleres que fixeron posible a chegada e o enraizamento da democracia na nosa Comunidade.

Hoxe, tras case catro décadas de autonomía, a inmensa maioría das galegas e galegos aprecian e valoran o noso autogoberno, porque mellorou a súa calidade de vida e achega as solucións máis acaídas en cada momento. O feito de que tal autogoberno fose exercido con “sentidiño”, fuxindo de conflitos innecesarios, incrementou a aceptación desta fórmula consagrada pola Constitución e o Estatuto.

O Parlamento de Galicia goza de boa saúde, malia que —utilizando a xerga propia da miña profesión— resulte recomendable facer revisións periódicas.

Trinta e seis anos despois, o Parlamento de Galicia leva aprobadas máis de catrocentas leis (408) e tense convertido na Cámara autonómica máis activa de España e tamén na máis eficiente. Abonde lembrar, a modo de exemplo clarificador, que o custo por deputado do Parlamento Vasco —teñen o mesmo número de escanos ca nós— duplica o de Galicia.

Pero direi máis, con datos de 2017, hai unha decena de Comunidades Autónomas nas que o custe por deputado é superior ao de Galicia, algunhas uniprovinciais e, por suposto, todas as consideradas históricas.

Hoxe, 15 de xaneiro, comeza o primeiro período de sesións da Cámara, dúas semanas antes que na maioría dos parlamentos e que se prolonga ata o 15 de xullo, cando o máis frecuente nos restantes legislativos é rematar en xuño.

Activo e eficiente, e tamén participativo. O Parlamento de Galicia é, probablemente, a Cámara autonómica que máis facilidades outorga para a participación cidadá e mesmo conta con algunha figura de participación única no seu xénero no conxunto dos parlamentos españois. Falo da posibilidade de que os cidadáns e as cidadás presenten proposicións non de lei de iniciativa popular (iniciativa de impulso, cunha parte resolutiva que insta ao Goberno a facer algo), que deben contar co respaldo de dúas mil cincocentas sinaturas.

Unha das miñas principais preocupacións é o mundo social e das persoas con discapacidade, e sei ben que a sensibilización e a visibilización desta realidade resulta fundamental para vencer prexuízos e gañar integración.

A oferta de emprego público do Parlamento de Galicia, xa superada a intensa crise que a mantivo conxelada, presenta dúas novidades fundamentais: aposta pola promoción interna do persoal da Cámara e inclúe —e quero subliñalo— unha praza específica reservada a persoas con discapacidade.

A maiores, a convocatoria de bolsas de formación que cada ano publica o Parlamento de Galicia incluírá, na súa próxima edición, unha reserva para mozos ou mozas con discapacidade.

Para institucionalizar este tipo de medidas, o Parlamento de Galicia asinará convenios de cooperación con entidades que operan no ámbito da discapacidade (Fademga, Down Galicia, COGAMI, ASPANAEX, etc) co obxectivo de xuntar esforzos en materia de concienciación e apoio á inserción laboral destas persoas.

Obviamente, é un pequeno paso que non resolve as necesidades deste colectivo, pero busca facer visible una realidade moitas veces oculta.

Máis aló de estar permanentemente aberta a todos e a todas, é necesario que a Cámara amose unha especial sensibilidade respecto, por exemplo, ás entidades e colectivos que traballan no ámbito social, a promoción dos hábitos de vida saudable ou o universo creativo galego, sexa literario, plástico ou de calquera outro tipo. O Parlamento constitúe unha caixa de resonancia susceptible de xerar un efecto multiplicador na sociedade que debemos aproveitar.

Poño un exemplo: no mes de febreiro de 2017 o Parlamento acolleu unha xornada sobre reanimación cardiopulmonar e manexo de desfibrilador externo semiautomático, coa colaboración do Servizo de Cardioloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e da Consellería de Sanidade. É evidente que o efecto directo dese adestramento —no que participaron deputados e deputadas, persoal da Cámara e xornalistas acreditados— é ben modesto, pero o efecto multiplicador foi notable. Consequimos trasladar á sociedade a importancia de aprender esta técnica, que pode salvar vidas, ao tempo que outras entidades seguiron o exemplo do Parlamento e organizaron actividades semellantes.

A permanente actualización, na procura dunha maior eficacia e eficiencia, é un reto diario e fronte ao que non é admisible baixar a garda, sexa no Parlamento, na Administración, na empresa privada ou na vida cotiá de cada un de nós.

No pasado verán entrou en funcionamento unha versión avanzada da aplicación audiovisual da nosa web, con novas funcionalidades. E hoxe mesmo entrará en servizo unha actualización da web institucional, máis accesible e intuitiva e, sobre todo, con maiores facilidades para a participación cidadá na actividade parlamentaria. Trátase dunha estratexia dinámica, é dicir, que se seguirá sometendo a melloras e actualizacións constantes.

O Parlamento pode funcionar sen papel e os deputados e deputadas dispoñen dunha serie de ferramentas que lles permiten facer todo o seu traballo fóra do pazo do Hórreo, agás, claro está, a participación nas sesións dos diferentes órganos da Cámara, que debe ser, obrigatoriamente, de carácter presencial, salvo nos casos de baixa por embarazo, maternidade ou paternidade, nos que a Mesa do Parlamento pode autorizar o voto delegado ou telemático.

Sabemos que a crise de credibilidade que veu afectando ás institucións nos últimos anos, acrecentada pola intensa crise económica que por fortuna estamos superando, require dunha xestión exemplar e transparente.

Ese obxectivo pasa tamén por poñer á disposición da cidadanía todos os datos, tanto da xestión como os referidos ao patrimonio e aos ingresos dos cargos públicos. Coido, honestamente, que o Parlamento de Galicia superou con éxito a proba da transparencia, sen que iso implique caer na autocompracencia nin rebaixar aspiracións.

Sempre insisto na importancia de que os deputados e deputadas “pateen” a rúa, porque é unha das mellores fórmulas para entender o que sucede e traer iniciativas “frescas” ao Parlamento. Con ser importante, esta presenza xa non resulta suficiente na medida en que a sociedade demanda novas fórmulas de participación, áxiles, directas, eficaces.

Como dixen, o Parlamento de Galicia aprobou, en 2015, unha novidosa Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá. Estase a aplicar con éxito, pero non por iso debemos renunciar a seguir

introducindo melloras que fagan que a cidadanía sinta o Parlamento como unha institución próxima e útil para os seus intereses.

Por riba destes tres retos —dixitalización, transparencia e participación— álzase a necesidade de mellorar a calidade do traballo parlamentario.

De entre as diferentes funcións clásicas atribuídas ao Parlamento —lexislativa, control e impulso da acción de Goberno e electiva para determinados órganos—, o debate, a elaboración e a aprobación das leis da súa competencia adquiren unha transcendencia capital.

Máis que aprobar moitas leis, o importante é aprobar boas leis: que resulten útiles para a cidadanía, reforcen a seguridade xurídica, respondan a necesidades reais e faciliten a vida cotiá das persoas, en lugar de crear problemas ou dificultades innecesarias.

Elaborar normas útiles, que ofrezan solucións en vez de crear novas dificultades, só será posible por parte de deputados e deputadas que teñan un contacto fluído coa cidadanía e cos diferentes actores sociais que operan na Comunidade. Un deputado ou unha deputada non é un traballador ou unha traballadora ao uso que fai unha xornada laboral determinada e desconecta. Somos deputadas e deputados as vinte e catro horas do día, os sete días da semana. A experiencia indícame que as mellores emendas, as iniciativas máis orixinais, xorden do contacto coa xente, non do traballo burocrático, tamén necesario, nunca exclusivo.

Esta reflexión enlaza coa necesidade de traer a cidadanía ao Parlamento e levar o Parlamento á cidadanía. Fálase con frecuencia da distancia que separa as institucións das persoas. Teño para min que esa distancia sería moito menor se boa parte dos que nos critican ou nos ollan con aberta indiferenza nos coñeceran ou ollaran por si mesmos o día a día da Cámara.

O Parlamento de Galicia dispón desde hai moito tempo dun programa de visitas guiadas á sede da institución, que estamos a potenciar. Por unha banda, aspiramos a que o estudantado galego visite o

Parlamento de Galicia, polo menos unha vez, antes de rematar o ensino secundario.

Para tal efecto, asinamos xa un convenio coa Xunta de Galicia para organizar e financiar os desprazamentos das visitas guiadas dos escolares de centros públicos á sede do Parlamento e á sede da Xunta; explicarlles a separación de poderes, unha das esencias da democracia. E, ademais, facémolo desde a óptica do uso racional dos recursos públicos. Cun só desprazamento, efectúan dúas visitas.

Teño un especial empeño en multiplicar as actividades dirixidas á infancia e á mocidade, como os distintos plenos para a infancia e a mocidade que se organizan ao longo do curso e que pretendemos potenciar no ano que comeza, porque tamén deste xeito se incentivan valores democráticos (o valor da palabra para achegar posturas e resolver conflitos, o respecto a quen opina diferente...) e se apoia o desenvolvemento de destrezas básicas, como a oratoria.

Mención á parte merece o ciclo de charlas divulgativas para o alumnado de secundaria e bacharelato ofrecidas polos integrantes da Asociación de ex-Parlamentarios e ex-Parlamentarias e que no curso pasado chegaron a corenta e cinco centros só entre xaneiro e maio. Como a iniciativa goza dunha moi boa acollida entre o alumnado, neste curso estendémola ás universidades, onde se nos demanda presenza e escoita con interese.

Queremos chegar tamén aos restantes colectivos —a todos, sen distinción— para ofrecerlles a posibilidade de visitar a sede do legislativo galego, reunirse con deputadas e deputados e ver o que alí facemos. Todo isto, por suposto, compatible coas visitas a título individual, de familias, de grupos de amigos e amigas, de colectivos profesionais...

O Parlamento de Galicia ten experiencia na organización de xornadas anuais de portas abertas, de elevado valor simbólico. Agora queremos dar un paso máis, ir máis aló e fixar un día á semana de portas abertas no Parlamento de Galicia, no que calquera persoa que o desexe



poderá visitar o Parlamento sen anotarse previamente, con quendas diarias fixas.

Como presidente procuro actuar sempre deste xeito e o meu despacho está aberto a todo o mundo. Desde que accedín á Presidencia da Cámara (xaneiro de 2016) recibín arredor de mil cen persoas no meu despacho (visitas, audiencias, reunións, grupos...) e participei en arredor de trescentos actos, dentro e fóra do Parlamento. Como digo, o Parlamento tense que abrir, pero tamén debe saír á rúa.

Favorecer a accesibilidade, en todos os sentidos, é para nós un reto permanente.

O paso do tempo muda circunstancias e necesidades, e así o debe prever o plan director do edificio que estamos preparando e que se debe ir adaptando ás necesidades e requirimentos de cada momento, para que a institución poida funcionar do mellor xeito posible.

As persoas que visitan o Parlamento con frecuencia saben ben as disfuncións que ás veces se presentan nos accesos. Para facer compatibles as exixencias de seguridade cunha maior fluidez á hora de acceder ao edificio, en datas próximas acometerase un proxecto específico que ofrezca unha solución definitiva ás carencias actuais.

Abrir o Parlamento implica tamén a presenza da institución fóra do recinto do pazo do Hórreo, tanto en forma de visitas da Cámara e participación do presidente alí onde é demandado —mesmo para charlas de pequeno formato, que comparto encantado— como en forma de visitas dos integrantes dos diferentes órganos sectoriais, tanto para cuestións enmarcadas nas obrigas da Comisión como para mellorar o coñecemento sobre un determinado sector.

Debemos ir sempre alí onde se nos convida. Pero digo máis: hai que tomar a iniciativa e xestionar tamén encontros que leven o Parlamento á rúa e nos faciliten unha visión máis ampla da realidade.

Este contacto debe ser fluído e permanente con todos os colectivos e sectores sociais, porque o Parlamento a todos representa e todos deben sentirse representados na institución.

Teño especial interese en potenciar as relacións do Parlamento de Galicia co mundo da economía, coa empresa, cos autónomos, cos diferentes sectores produtivos, porque eles son un motor fundamental para o país e, canto mellor sexa esa relación, máis útil será o labor legislativo para o seu día a día e o intercambio de información.

O segundo dos ámbitos nos que creo que debemos incidir é o mundo da cultura e das letras galegas, porque neles se deposita boa parte do feito diferencial galego. De feito, xa contamos con algunha experiencia de colaboración con algunhas institucións.

Lamentablemente, unha inmensa maioría de galegas e galegos somos grandes descoñecedores da nosa historia. O Parlamento quere e debe tomar parte na superación desa eiva. Así debe entenderse a concesión das medallas da Cámara, na súa edición do pasado ano, aos integrantes da denominada “Comisión dos 16”, autores do primeiro anteproxecto de Estatuto de autonomía de Galicia e inspiradores do espírito que fixo posible situarnos entre as comunidades con maior autogoberno de España.

Nesa estratexia de posta en valor do noso pasado merece tamén un especial recoñecemento Domingo Fontán, autor da carta xeométrica de Galicia, o primeiro gran mapa do país elaborado con criterios científicos. Por iso, o Parlamento organizou unha xornada divulgativa coa participación de expertos universitarios e que tivo como escenario a súa localidade natal.

Carlos Casares, deputado na primeira lexislatura da Cámara autonómica —circunstancia que moitas persoas descoñecían—, levounos a organizar unha xornada no seu Ourense natal, ademais de editar un libro recompilatorio das súas intervencións parlamentarias, que tiñan como eixe a defensa e promoción da lingua galega.

Algunhas destas iniciativas de divulgación da actividade parlamentaria e das figuras que a fixeron posible formaron parte da programación conmemorativa do trinta e cinco aniversario do Parlamento de Galicia, que botou a andar coa presentación do portal xurídico galego *Lex.gal*, impulsado polo Parlamento coa colaboración da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago. Trátase da maior base de datos xurídicos en lingua galega, á que calquera pode acceder de balde e única no seu xénero no conxunto de España. Temos un excelente punto de partida, pero queremos seguir traballando —de feito, xa se está facendo— para incrementar a cantidade e a calidade dos recursos normativos publicados nela.

Nada do que ten acontecido no noso Parlamento ao longo destas preto de catro décadas de existencia tería sido posible sen as deputadas e deputados que o integran, desde os pioneiros ata o día de hoxe. Como é natural, unha vez que abandonan a política activa, cae sobre eles e elas, como caerá sobre nós, un manto de silencio. Reivindicar esas figuras é o obxectivo dunha publicación que recompila os perfís biográficos das deputadas e deputados do Parlamento de Galicia, xa ultimada e que se entregará ás visitas, ademais de publicala na web da institución.

Quero destacar e agradecer unha serie de programas divulgativos sobre o Parlamento de Galicia que Televisión de Galicia emitirá en datas próximas e que foron elaborados a partir de entrevistas con deputados e deputadas e ex-deputados e ex-deputadas da Cámara. Eses testemuños servirán de base para un posterior libro de anécdotas parlamentarias, porque estou seguro de que a historia das institucións se pode divulgar, tamén, de maneira amena e desenfadada.

Todo o que acabo de enumerar sucintamente acredita a aposta do Parlamento por contar cunha programación cultural propia, plural e aberta, como o país ao que representamos.

Señorías, señoras e señores: se Galicia forma parte das denominadas comunidades históricas, e como tal accedeu ao seu autogoberno, non

é por casualidade nin por unha concesión graciosa dos ponentes constitucionais.

Galicia é depositaria dun legado histórico, cultural e lingüístico que lle outorga unha personalidade complementaria —non antagónica— respecto da do conxunto de España, do que formamos parte indisoluble, e da Europa que segue a resultar necesaria, incluso con reformas pendentes.

Somos, utilizando a expresión dalgúns historiadores, un vivo exemplo de “historia conectada”, polos nosos vínculos cos pobos ibéricos, co continente europeo e, pola vía da emigración, co mundo iberoamericano.

Refirome a un legado valioso que debe ser potenciado e preservado cada día coa participación de todos, tamén a do Parlamento.

Aspiramos e precisamos que o Parlamento recupere o crédito social perdido para, entre todos, recuperar tamén o espírito e a paixón pola democracia que rebulía nas rúas hai agora corenta anos, cando, logo da “longa noite de pedra”, tivemos ocasión de exercer de novo a principal e máis importante liturxia de calquera sociedade libre: a posibilidade de expresarse nas urnas e con absoluta liberdade para definir o noso futuro.

Así foi e así seguirá a ser. Estou certo.